



PROGRAMA DE ACOLLIDA CURSO 2020-2021

Con data 30 de xullo de 2020 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publica instrucións coas medidas educativas a adoptar de cara ao curso 2020/2021. Nesas instrucións indícase que o equipo directivo elaborará un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso.

A excepcionalidade do curso actual e as datas nas que estas instrucións se publicaron fixeron imposible cumprir cos requisitos formais establecidos nesas instrucións, entre os que estaba a presentación do programa ao Consello Escolar, priorizándose durante as primeiras semanas de curso a reorganización de espazos, tempos e recursos humanos, o establecemento de novas normas e a información ás familias co único fin de garantir a seguridade sanitaria do alumnado e persoal do centro.

Doutra banda, unha vez elaborados Programa de Acollida e Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021, resulta obvio que varios dos aspectos aos que debe atender o programa xa están recollidos no plan de adaptación, polo que, nesas casos, este Programa de Acollida remitirá ao contido do devandito documento.

NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

No referente ás novas normas de organización e funcionamento, durante os días previos ao inicio das actividades lectivas, celebráronse reunións cos familiares de cada titoría (dúas titorías por día) en horarios suficientemente distanciados para evitar as coincidencias no centro e coa única asistencia dun familiar por alumno no que se informou dos cambios organizativos implementados para este curso 2020-2021:

- Creación do equipo COVID e da súa composición.
- Decisión de desdobrar o 4º curso de educación primaria con recursos propios e habilitar a aula de usos múltiples como aula para aloxar á clase máis numerosa.
- Creación de grupos estables de convivencia e as súas implicacións organizativas de acordo co recollido nos puntos 7, 8, 12 13 e 14 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- Obrigatoriedade de utilizar máscara en educación primaria e da súa recomendación para o alumnado de educación infantil segundo os puntos 17 e 52 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- Procedemento a seguir no caso de detectarse no alumnado ou nos seus familiares directos síntomas compatible coa COVID-19 de acordo co estipulado no Plan de Continxencia do centro.
- Medidas organizativas referentes a entradas e saídas do centro, uso de portas de entrada e saída, circulacións no centro, sinalética, alumnado transportado e



profesorado de vixilancia segundo o recollido nos puntos 31 a 35 e 41 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.

- Medidas referentes á realización de titorías e comunicación coas familias segundo o recollido nos puntos 15, 16 e 39 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- Da non celebración de actividades extraescolares durante este curso, tal e como recolle o punto 37 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- No referente ao servizo de comedor informouse que a súa continuidade dependía da decisión da ANPA Fonte da Revolta, por ser este servizo xestionado por esta asociación no noso centro.
- Procedemento a seguir cando se realicen cambios de aula segundo o recollido no punto 47 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- Informouse que a biblioteca terá un uso limitado, tal e como se recolle no punto 48 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021.
- En referencia aos recreos e ao uso dos aseos comunicouse de que se regularían usos e espazos para evitar a coincidencia de alumnado de distintos grupos. No caso dos recreos decidiuse establecer dúas quendas e espazos separados e no caso dos aseos limitar o seu uso a un alumno/a de cada vez.
- A información anterior foi facilitada ás familias polo director do centro, que exerce tamén como coordinador do grupo COVID. Posteriormente, as familias, recibiron información máis polo miúdo, sobre aspectos organizativos dentro de cada grupo.

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

Durante as primeiras semanas do curso incidirase no reforzo dos hábitos de hixiene específicos para a loita contra a COVID-19.

Hábitos de hixiene e protección

- Hixiene de mans: explicación da forma correcta de lavarse e hixienizarse as mans. Incidirase na importancia deste hábito.
- Máscara: forma correcta de quitar e poñer a máscara. Necesidade da súa reposición ou lavado segundo o indicado polo fabricante.
- Esbirros: forma correcta de tusir.
- Contactos: necesidade de reducir os contactos en todos os ámbitos. Incidir na importancia de evitar o contacto con alumnado doutros grupos do centro.
- Evitar o contacto con ollos, nariz e boca.
- Merendas: especial atención a este tempo, pois é o único no que o alumnado permanece coa máscara quitada. Incidirase especialmente na importancia de non falar alto e non acercarse aos compañeiros. O tempo da merenda sempre terá que ser inferior a 15 minutos.



- Aseos: lavado de mans ao entrar e ao saír.
- Realización de actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (Canto é un metro e medio?)
- Incidir na necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas de limpeza.
- Lembrar a necesidade de desprazarse polo centro sempre pola dereita seguindo as marcas que hai no chan.
- Incidir na necesidade de colocarse no espazo asignado no patio para as entradas e saídas.

Limpeza do centro

- Indicarase ao persoal facilitado polo Concello de Rianxo que deberá atender á asignación de tarefas e tempos recollidos nos puntos 19 e 20 do Plan de Adaptación do centro á situación COVID 19 durante o curso 2020-2021 e utilizar produtos homologados proporcionados polo concello ou polo centro

Prevención

- Informarase ás familias da necesidade de realizar a autoenquisa clínica diaria que figura como Anexo I do Plan de Continxencia do centro.
- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

ACCÍONS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL

No noso centro o alumnado e os seus familiares utilizaron a aula virtual desde o primeiro día do confinamento imposto o pasado 13 de marzo de 2020, polo que a súa competencia dixital, lonxe de considerarse axeitada, si pode entenderse como superior á de alumnado doutros centros de educación infantil e primaria.

As aulas virtuais estarán operativas desde a primeira semana de curso naqueles cursos en que o decida así a súa titora. Durante as primeiras semanas de curso incidirase en formar ao alumnado naqueles aspectos da aula virtual que puideron quedar desatendidos durante o confinamento, precisamente porque a non presencialidade do alumnado complicaba a tarefa de explicar o funcionamento dalgúns aspectos da mesma.

Na mesma aula virtual existen, a disposición do profesorado, diversos manuais e titoriais sobre o uso da mesma elaborados polo coordinador TIC do centro, docente con ampla experiencia no manexo e configuración da mesma. Este docente está permanentemente a disposición dos seus compañeiros para a resolución de dúbidas que puideran xurdir no manexo dos seus cursos dentro da aula virtual.

Durante este curso non contamos con profesorado de nova incorporación, polo que non é necesaria formación de carácter básico.



Nas reunións de familiares de inicio de curso entregáronse as credencias de acceso á aula virtual (usuario e contrasinal) coa aspiración de que sexan definitivas durante toda a permanencia do alumno/a no centro. O usuario da aula virtual utilizarase tamén para publicar información relativa ao alumnado evitando amosar datos persoais.

Durante este curso o noso centro incorpórase ao proxecto eDixgal, polo que o profesorado, a través dun itinerario específico dentro do noso Programa de Formación Permanente do Profesorado, e o alumnado, a través do seu titor, do coordinador eDixgal e do resto de profesorado que imparte no grupo que se incorpora ao proxecto este curso, recibirán formación específica sobre o manexo dos equipos aportados pola Consellería e o funcionamento do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) ligado a eDixgal.

ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

Durante as primeiras semanas de curso o profesorado estará especialmente atento ás implicacións emocionais que a nova situación derivada da pandemia poida provocar no alumnado.

O Departamento de Orientación deseñará e propondrá actividades dirixidas a atender este aspecto tendo en conta o nivel curricular de cada grupo e as súas características.

O centro, a través dunha enquisa dirixida ás familias, identificará aquelas que poidan atoparse en situación de maior vulnerabilidade dixital e puidesen ter maiores dificultades para seguir con aproveitamento un ensino telemático en caso dun novo confinamento.